

BENVIDA DO PRESIDENTE DA CPMA-VIGO

RESUMO

Anxo de la Puente Fernández, presidente da Comisión de Planeamento e Medio Ambiente do COAG-Vigo

Douvos a benvinda a esta web que, lonxe de pretender ser un escaparate, tenta ser un medio de traballo e participación.

Como colexiado estou convencido de que o now how da delegación reside directamente nos propios colexiados, nos máis de quinientos profesionais arquitectos que formamos a demarcación de Vigo. E que a participación de todos é imprescindible para prantexar e levar a bo fin as nosas inquedanzas profesionais.

Tócame como presidente da CPMA-Vigo artellar os mecanismos que fagan posible isa laboura común e por iso, para pór isto en marcha, presento aquí uns obxectivos e estratexias coas que iniciar a andaina.

Quedo á vosa disposición

BENVIDA DO PRESIDENTE DA CPMA-VIGO

Douvos a benvida a esta web que, lonxe de pretender ser un escaparate, tenta ser un medio de traballo e participación.

Como Colexiado estou convencido de que o now how da delegación reside directamente nos propios Colexiados, nos máis de quinientos profesionais arquitectos que formamos a demarcación de Vigo. E que a participación de todos é imprescindible para prantexar e levar a bo fin as nosas inxerencias profesionais.

Tócame como presidente da CPMA-Vigo artellar os mecanismos que fagan posible isa laboura común e por iso, para pór isto en marcha, presento aquí uns obxectivos e estratexias coas que iniciar a andaina.

Obxectivos na práctica profesional:

- Cumprimento dos prazos legais de tramitación de licenzas e planeamento
- Interpretacións homoxéneas da normativa: das normas xerais para tódolos concellos, e das normas locais para tódolos seus técnicos
- Conquerir que o COAG-Vigo sexa o consultor de referencia para as administracións locais

Obxectivos na cultura do Planeamento e Medio Ambiente:

- Fomentar a cultura urbanística mediante estudos e análises nos ámbitos do territorio, o urbano, o medio ambiente e a sustentabilidade; non só ante as normas a aplicar senón coma parte da nosa propia inxerencia, coñecemento e saber facer e co fin de aportar un criterio profesional que fomente a nosa presenza na sociedade dun xeito útil e de peso ó orientala a estratexias de futuro
- Fomentar a figura do arquitecto como especialista nestes temas

Estratexias:

- Uso desta web como instrumento de participación e traballo en colaboración
- Manter relacións de colaboración con tódolos concellos da demarcación
- Participar nas suxestións e alegacións ó planeamento xeral e ós proxectos normativos que sexan remitidos ó CSCAE ou ó COAG
- Artellar grupos de apoio local para cada concello: detección de problemas, interlocutores de proximidade, elaboración de traballos de cultura urbanística, colaboración coas diversas institucións locais para a difusión da cultura urbanística
- Reactivar o FAM (Foro de Arquitectos Municipais): homoxeneización de criterios interpretativos da normativa xeral, análise de novidades normativas, apoio a temas específicos da laboura do técnico no ámbito local (procedementos de tramitación, estrutura organizativa, etc)
- Colaborar coa AGAM

Quedo á vosa disposición

En Vigo, a 24 de outubro de 2011

Anxo de la Puente Fernández

Presidente CPMA COAG-Vigo

(documento en formato pdf con sinatura dixital incrustada)